

ACTA NÚM. 11/2024.

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE
BRIÓN O DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2024.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 8 de novembro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asiste:
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.10.2024.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2024, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

3º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2024.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2024.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.10.2024.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 10/2024, do 16.10.2024.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2024, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 07.11.2024, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de crédito extraordinario para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal non exista crédito consignado no orzamento, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que se considera necesario comprar á Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria (SAREB) uns terreos para a finalidade de promoción de vivenda protexida, e en parte libre, relacionados na providencia da alcaldía que consta no expediente, para a que non existe crédito consignado no vixente orzamento da Corporación, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación de crédito número 18/2024 do orzamento municipal para o exercicio 2024, crédito extraordinario nº 01/2024, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación	Descrición	Importe
1521.60000	Inversión en terreos	164.560,00 €
	Total	164.560,00 €

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	Importe
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	164.560,00 €

2º) Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2024, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

3º) Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nos estraña a urxencia do tema, e non sabemos se é unha ou varias fincas, non sabemos, pero si sabemos que son da SAREB, a que pagamos entre todos, e agora se van poñer a disposición dos concellos, pero na publicidade que se fixo hai meses pola SAREB non estaba Brión, e temos dúbidas sobre como se van facer as vivendas, vanse vender despois estas fincas?, pensamos que o tema necesitaba máis información a través dunha reunión previa dos portavoces aínda que recibimos a notificación o luns.

O Sr. Alcalde sinala que son catro fincas da SAREB e se nos comunicou a posibilidade de compralas, feito que considerouse interesante para o Concello.

No ano 2025 estaba valorada cada finca en 500.000 euros e agora poden comprarse polo Concello por 34.000 euros cada unha, e despois sacaranse a concurso para facer vivenda pública; engade que a urxencia ven motivada polo prazo para facer firme a proposta.

O Sr. Concelleiro Penas Corral pregunta cal é a porcentaxe de vivenda de protección pública?.

O Sr. Alcalde sinala que a porcentaxe agora mesmo non a sei, é a que figura no planeamento municipal, pero pode darche logo o dato.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o pediremos por escrito.

O Sr. Alcalde sinala que se trata de dar resposta a unha falta de vivenda moi reclamada neste Pleno.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2024.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2024, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2024.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2024, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e doce minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González